

EXTRACTO DOS ACORDOS ADOPTADOS POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL NA SESIÓN CELEBRADA O DÍA 21 DE ABRIL DE 2021.

A Xunta de Goberno Local celebra sesión ordinaria, en primeira convocatoria, o día vinte e un de abril de 2021, baixo a presidencia da Excm. Sra. Alcaldesa, D.^a LARA MÉNDEZ LÓPEZ, e coa asistencia dos Ilmos. e Ilmas. señores e señoras concelleiros e concelleiras: D. ÁLVARO SANTOS RAMOS, D.^a MERCEDES PAULA ALVARELLOS FONDO, D. MIGUEL FERNÁNDEZ MÉNDEZ, D.^a ANA MARÍA GONZÁLEZ ABELLEIRA, D. RUBÉN ARROXO FERNÁNDEZ, D.^a TAREIXA ANTÍA FERREIRO TALLÓN e D.^a MARÍA CRISTINA LÓPEZ FERNÁNDEZ. Actúa como Secretario o Concelleiro Secretario da Xunta de Goberno Local, don Miguel Fernández Méndez, e asisten á sesión a Vicesecretaria, dona María García Ferro, e o Interventor Xeral Municipal, don Manuel Vázquez Fernández, os cales foron convocados para o efecto.. Adóptanse conforme ós termos da orde do día os seguintes acordos:

ÁREA DE GOBERNANZA: ECONOMÍA E RECURSOS HUMANOS

1. CONTRATACIÓN E PATRIMONIO.- Acórdase a adxudicación na contratación para o patrocinio publicitario da película "La Sombra de la Ley" coa produtora Vaca Films Studio SL (NIF B15870561) có motivo da rodaxe na cidade. Expte ref. 2020-C005-000015. proposta de adxudicación.

Tamén se acorda a prórroga do contrato dende o 14/05/2021 ata o 13/05/2022 na contratación da subministración de pan fresco do día e outros produtos de panadería (empanadas) para as instalacións municipais Fogar do Transeúnte (albergue municipal). (Exp. ref. 2019-08) (tecol:2021/C004/000009).

Do mesmo xeito, acórdase a adxudicación na contratación da obra "Renovación da rede de abastecemento na avenida Marqués de Ombreiro marxe dereita". Exp. ref. 2020-C002-000046.

Acórdase a aprobación dos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares, así como do gasto na contratación da subministración mediante lotes da subministración de zahorra (lote 1) e de gravilla para regos (lote 2) e a apertura do procedemento de contratación. Ref. exp 2021/C004/000002.

Así mesmo, acórdase a adxudicación na contratación da actualización e mantemento dos sistemas citrix do Concello de Lugo. Expte ref. 2021-C003-000002.

Tamén se acorda a contratación mediante catro lotes dun servizo de organización, programación, desenvolvemento, execución, divulgación e difusión de accións formativas a realizar para a mellora da empregabilidade das persoas,

ACTAS E GOBERNO

MGF/cvr

Refª: ispac7087071570613778137.doc

Asunto: XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO 21-4-2021

dentro da estratexia global de dinamización, reconstrucción e reactivación da economía local (2021/2022) no municipio de Lugo. a. expte.Ref. 2021/C003/000007

2. PERSOAL.- Acórdase a rectificación de erros no acordo número 9/223 do 10/06/2020 de asignación de postos de traballo e no acordo 17/17 de aprobación das bases que rexerán o concurso para a provisión de varios postos de traballo no Excmo. Concello de Lugo para auxiliares administrativos e administrativos.

Tamén se acorda desestimar a rectificación de erros no acordo número 9/223 do 10/06/2020 de asignación de postos de traballo varias.

3. FACENDA LOCAL.- Acórdase desestimar o recurso de reposición interposto contra a liquidación núm. 9979490 (156/2020), xirada ao seu nome en concepto de taxa pola prestación de servizos urbanísticos e imposto sobre construcións, instalacións e obras, polas obras de ampliación da instalación de ascensor no edificio de vivendas para as plantas segunda, terceira e baixocuberta sito na Calzada da Ponte, 40.

ÁREA DE SOSTEBILIDADE URBANA

4. LICENZAS URBANÍSTICAS.- Acórdase a denegación a licenza urbanística para a segregación de parcela en Torre- Orbazai. (Expte: 2020/Y005/000009.

Tamén se acorda a concesión das seguintes licenzas urbanísticas: para cambios de distribución e modificación de cuberta, como modificacións en execución de obra con licenzas 1196/11 e 114/73, de piso 4º e baixo cuberta, de vivenda en dúplex, na rúa Otero Pedrayo, número 35. (expte: 50/19); para a instalación de ascensor, modificación de cuberta e cubrición de planta baixa en edificio existente, sito na rúa Quiroga, número 22. (expte: 2021/Y001/000012; para modificación de uso de baixo cuberta en edificio de vivendas con licenza otorgada, o 6 de outubro de 2020 (expediente nº178/16), quedando composto o edificio por planta baixa para local sen actividade definida, sete plantas e aproveitamento baixo cuberta para oito vivendas, sobre tres sotos para garaxes e rochos, construídos con licenza 391/07, na rúa Vázquez Queipo, número 5. (expte: 2020/Y001/000347; para instalación de ascensor en edificio de vivendas, sito na rúa do Cedro, número 13. (expte: 2021/Y001/00042; para construción de gran superficie minorista de venda de materiais de construción, de planta baixa con aparcamento vinculado, na rúa Juan Jacobo Durán Loriga (vial D, parcela S bloque 2) Parque Empresarial das Gándaras. (expte: 2020/Y001/000213; para instalación de ascensor no edificio de vivendas con licenza 109/72, sito na rúa Perpetuo Socorro, número 7. (expte: 2021/Y001/000029); para instalación de ascensor en edificio de vivendas sito na rúa Serra de Outes, número 78. (expte: 2021/y001/00052); para modificación en execución de obra de vivenda unifamiliar, con licenza 21/17, sita na área de expansión do núcleo rural 28.2 Castedo-Cerracín-Cacabelos, número 20, parroquia

de Mazoi. (Expte: 101/19 e para ó proxecto modificado do bloque 1 da parcela 4.1 da unidade de actuación CS-6 do PGOU-1992 con licencia 681/2011; para edificio de 56 vivendas, dous locais sen actividade definida e zonas comúns composto de planta baixa, nove plantas altas e ático, sobre tres plantas de soto para aparcamentos e rochos. (expte: 2020/Y001/000348)

Asinado dixitalmente polo Tenente de Alcadesa Delegado da Área de Goberno de Cohesión Territorial e Concelleiro Secretario da Xunta de Goberno Local, don Miguel Fernández Méndez.